



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 10 DE AGOSTO DE 2009

---Contrato: OBRAS DE REPARACIÓNS E MELLORA DE FONTES, LAVADOIROS E BEBEDOIROS DE GANDO NO CONCELLO DA ESTRADA

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 12 DE AGOSTO DE 2009

-Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de “reparacións e mellora de fontes, lavadoiros e bebedoiros de gando no Concello da Estrada”.

-Visto que, dentro de prazo, presentaron solicitudes de participación RESTAURACIÓN DO HÁBITAT E MEDIOAMBIENTE CAAMAÑO SL; GRAPEMAR SL, e ALDASA SLU

-Vista a documentación administrativa aportada polos licitadores.

-Vistas as ofertas realizadas polos licitadores.

-Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de data 10 de agosto de 2009.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

#### ACORDAMOS:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de “reparacións e mellora de fontes, lavadoiros e bebedoiros de gando no Concello da Estrada”, por importe de 82.017,32 euros, a ALDASA SLU, con arranxo ós Pregos e á súa oferta.

2.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---xustificación acreditativa de estar ó corrente das obrigacións tributarias e para coa Seguridade Social.

---certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

---informe da Tesourería municipal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

3º.-Notifíquese o presente Acordo ós licitadores e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada, 12 de agosto de 2009

A ALCALDESA EN FUNCÍONS

Asdo.: Raquel López Doce